

**5-6 abril de 2024****DAS WEISSE BAND** (A CINTA BRANCA)**Dirección:** Michael Haneke**Con:** Ursula Lardi, Jada Mercedes Diaz

Alemaña, 2009 - 145 min (VOSE)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS

**ÚNICOS PASES:** venres ás 20.00 h e sábado ás 17.30 h**11-12-13 abril de 2024****LE NOUVEAU** (O NOVATO)**Dirección:** Rudi Rosenberg**Con:** Raphael Ghrenassia, Joshua Raccach

Francia, 2015 - 81 min (VOSE)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

**18-19-20 abril de 2024****IL SOL DELL'AVVENIRE** (O SOL DO PORVIR)**Dirección:** Nanni Moretti**Con:** Nanni Moretti, Margherita Buy

Italia, 2023 - 95 min (VOSE)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

**11-12-13 abril de 2024****KHANE-YE DOUST KODJAST**  
(ÓNDE ESTÁ A CASA DO MEU AMIGO?)**Dirección:** Abbas Kiarostami**Con:** Babek Ahmad Poor, Kheda Barech Defai

Irán, 1987 - 83 min (VOSE)

Formato: Blu-ray

APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

**XABIER P. DOCAMPO NA MEMORIA**

Ademais de mestre, escritor, contacontos e un incansábel promotor da lingua e a cultura galega e da lectura, Xabier P. DoCampo foi un gran cinéfilo, un deses que non sería quen de contar as horas que na súa vida pasou na escuridade dunha sala. Esta paixón fíxose explícita n'A nena do abrigo de astracán (2018), estruturada en sete capítulos con títulos de películas clásicas, as sete que a nena protagonista ve nas sesións dos domingos e lle serven de refuxio e de aprendizaxe fronte as miserias e crueldades da Galiza da posguerra. Para ela, igual ca para o autor, o cinema é unha xanela ao mundo, mais o cinema, o mellor cinema, fala sempre de nós: axúdanos a entender o que pasa fóra e o que nos pasa por dentro, a comprender e a comprendérmolos. É unha xanela, mais tamén é un espello.

Nunha homenaxe ao autor chairego, pois, o cinema non pode non estar presente. Abre o ciclo A cinta branca de Michael Haneke, que tanto lle gustou e que, no seu estudo das raíces do mal, conecta ben coa que foi a súa novela derradeira. Despois desta, O novato de Rudi Rosenberg, que nunha fermosa recensión Xabier defendeu como "un canto a todos aqueles que, por enriba da taxonomía social que atribúe posicións preasignadas no grupo, recoñécense na súa singularidade e fan dela un camiño de vida, un vieiro cara á felicidade persoal que ten moito que ver cunha certa acracia que debía ser predicada como xeito de vida nos centros escolares".

Admirador como era de Nanni Moretti, é indubidábel o moito que lle había gustar a exultante O sol do futuro, e máis aínda o seu colofón, a revolución da esperanza en forma de desfile festivo. A xeito de peche, Onde está a casa do meu amigo? de Abbas Kiarostami, unha obra maior dun cineasta, tamén para Xabier, de referencia.

Martin Pawley

FORUM METROPOLITANO

\* **HORARIO:** xoves e venres ás 20:00 h, sábados ás 17:30 h e 20:00 h (agás Das Weisse Band)\* **PUNTUALIDADE.** Unha vez que comece a proxección non permitirá o acesor á sala.\* **PREZO:** 3,00 € (carn

e novo, + 65 anos, persoas desempregadas: 2,00 €

Sesión dol espectador: sábados ás 17:30 h, 1,50 €

\* Para acceder aos descontos é imprescindible presentar o documento que acredite o desconto no momento de mercar a entrada.

\* **VENDA DE LOCALIDADES:**

- Venda en despacho de billetes Praza de Ourense: de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 a 19.30 h (excepto festivos)

- Venda en despacho de billetes Fórum: unicamente días de proxección desde media hora antes (sempre que queden localidades dispoñibles)

- Venda en liña: [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)

Concello da Coruña

5-6 abril de 2024

**DAS WEISSE BAND** (A CINTA BRANCA)

**Dirección:** Michael Haneke  
**Con:** Ursula Laridi, Jadea Mercedes Diaz  
 Alemaña, 2009 - 145 min (VOSE)  
 Formato: Blu-ray  
 NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS

ÚNICOS PASES: venres ás 20.00 h e sábado ás 17.30 h

11-12-13 abril de 2024

**LE NOUVEAU** (O NOVATO)

**Dirección:** Rudi Rosenberg  
**Con:** Raphael Ghrenassia, Joshua Raccach  
 Francia, 2015 - 81 min (VOSE)  
 Formato: Blu-ray  
 NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

18-19-20 abril de 2024

**IL SOL DELL'AVVENIRE** (O SOL DO PORVIR)

**Dirección:** Nanni Moretti  
**Con:** Nanni Moretti, Margherita Buy  
 Italia, 2023 - 95 min (VOSE)  
 Formato: Blu-ray  
 NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

11-12-13 abril de 2024

**KHANE-YE DOUST KODJAST**  
(ÓNDE ESTÁ A CASA DO MEU AMIGO?)

**Dirección:** Abbas Kiarostami  
**Con:** Babek Ahmad Poor, Kheda Barech Defai  
 Irán, 1987 - 83 min (VOSE)  
 Formato: Blu-ray  
 APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

**XABIER P. DOCAMPO NA MEMORIA**

Ademais de mestre, escritor, contacontos e un incansábel promotor da lingua e a cultura galega e da lectura, Xabier P. DoCampo foi un gran cinéfilo, un deses que non sería quen de contar as horas que na súa vida pasou na escuridade dunha sala. Esta paixón fíxose explícita n'A nena do abrigo de astracán (2018), estruturada en sete capítulos con títulos de películas clásicas, as sete que a nena protagonista ve nas sesións dos domingos e lle serven de refuxio e de aprendizaxe fronte as miserias e crueldades da Galiza da posguerra. Para ela, igual ca para o autor, o cinema é unha xanela ao mundo, mais o cinema, o mellor cinema, fala sempre de nós: axúdanos a entender o que pasa fóra e o que nos pasa por dentro, a comprender e a comprendérmonos. É unha xanela, mais tamén é un espello.

Nunha homenaxe ao autor chairego, pois, o cinema non pode non estar presente. Abre o ciclo A cinta branca de Michael Haneke, que tanto lle gustou e que, no seu estudo das raíces do mal, conecta ben coa que foi a súa novela derradeira. Despois desta, O novato de Rudi Rosenberg, que nunha fermosa recensión Xabier defendeu como "un canto a todos aqueles que, por enriba da taxonomía social que atribúe posicións preasignadas no grupo, reconécese na súa singularidade e fan dela un camiño de vida, un vieiro cara á felicidade persoal que ten moito que ver cunha certa acracia que debía ser predicada como xeito de vida nos centros escolares".

Admirador como era de Nanni Moretti, é indubidábel o moito que lle había gustar a exultante O sol do futuro, e máis aínda o seu colofón, a revolución da esperanza en forma de desfile festivo. A xeito de peche, Onde está a casa do meu amigo? de Abbas Kiarostami, unha obra maior dun cineasta, tamén para Xabier, de referencia.

Martin Pawley

FORUM METROPOLITANO

\* **HORARIO:** xoves e venres ás 20:00 h, sábados ás 17:30 h e 20:00 h (agás Das Weisse Band)

\* **PUNTUALIDADE.** Unha vez que comece a proxección non permitirá o acesor á sala.

\* **PREZO:** 3,00 € (carn e novo, + 65 anos, persoas desempregadas: 2,00 €  
 Sesión dol espectador: sábados ás 17:30 h, 1,50 €

\* Para acceder aos descontos é imprescindible presentar o documento que acredite o desconto no momento de mercar a entrada.

\* **VENDA DE LOCALIDADES:**

- Venda en despacho de billetes Praza de Ourense: de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 a 19.30 h (excepto festivos)

- Venda en despacho de billetes Fórum: unicamente días de proxección desde media hora antes (sempre que queden localidades dispoñibles)

- Venda en liña: [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)



Concello da Coruña